



13 de agosto de 2012. A recente [Lei de Montes de Galiza](#) aprobada en solitario polo PP sen consenso e contra o criterio do Consello Económico e Social, pon as bases para que os incendios sexan máis frecuentes, extensos, intensos e perigosos en Galiza. Ao modificar pola porta de atrás a lei de prevención contra os lumes de 2007, facilitar a

[extensión das pirófitas](#)

, introducir a especulación no monte e reducir ao mínimo o papel da administración, a Feijóo xa só lle queda o populismo das medidas penais e... confiar na meteoroloxía e na providencia. O desleixo e o pasotismo olímpico da Xunta co noso medio rural provocarán lumes de récord: máis rápidos, altos e fortes. Porque os montes tamén arden cando as institucións os abandonan, a

[Alianza por un Mundo Rural Galego Vivo](#)

convoca unha

CONCENTRACIÓN este mércores 15 de agosto ás 12h no Barco de Valdeorras diante da casa Grande de Viloria.

